# Lingua 3º / Unidade 6 / O refraneiro

**Actividade 1**

**Enunciado:** Que quere dicir o refrán?

• Ninguén nace aprendido

___________________________________________________________

_____________________________________________________________________________________

**Solución**
**Ninguén o sabe todo, hai que medrar, estudar, ler e falar cos maiores para saber cousas.**

| Rúbrica | | | |
|---|---|---|---|
| **Excelente** | **Satisfactorio** | **Elemental** | **Inadecuado** |
| Describe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía. | Describe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía. | Describe o que se solicita con algunhas faltas de ortografía. | Non describe correctamente o que se solicita. |

**Estándar de aprendizaxe avaliable**
**1.2.** Interpreta refráns.

**Competencias clave**
Competencia en conciencia e expresión cultural.
Competencia dixital.

**Actividade 2**

**Enunciado:** O dicionario serve para explicar o significado das palabras. Que outros usos pode ter?

________________________________________
________________________________________
________________________________________
________________________________________

**Solución**

O dicionario tamén pode servir para ver que tipo de palabra é, saber o xénero das palabras e coñecer o sinónimos e antónimos.

| **Rúbrica** | | | |
|---|---|---|---|
| **Excelente** | **Satisfactorio** | **Elemental** | **Inadecuado** |
| Describe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía. | Describe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía. | Describe o que se solicita con algunhas faltas de ortografía. | Non describe correctamente o que se solicita. |

**Estándar de aprendizaxe avaliable**
**4.1.** Coñece diferentes utilidades do dicionario.

**Competencias clave**
Competencia en comunicación lingüística.
Sentido de iniciativa e emprendemento.

**Actividade 3**

**Enunciado:** Identifica os prefixos e sufixos destas palabras segundo corresponda.

| | | |
|---|---|---|
| desinformar | panadeiro | imposible |
| froitería | rapazolo | refacer |
| destapar | imposible | inconfesable |
| zapatón | peixeira | |

**Solución**

**Des**-informar, panad-**eiro**, **im**-posible, froit-**ería**, rapaz-**olo**, **re**-facer, **des**-tapar, **im**-posible, **in**-confesable, zapa-**tón**, peix-**eira**.

| Rúbrica | | | |
|---|---|---|---|
| **Excelente** | **Satisfactorio** | **Elemental** | **Inadecuado** |
| Identifica o que se solicita sen cometer ningún erro. | Identifica o que se solicita e comete ata catro erros. | Identifica o que se solicita e comete ata seis erros. | Non realiza correctamente o que se solicita. |

**Estándar de aprendizaxe avaliable**
**5.1.** Recoñece sufixos e prefixos.

**Competencias clave**
Competencia en comunicación lingüística.
Competencia matemática.
Competencia para aprender a aprender.

**Actividade 4**

**Enunciado:** Forma palabras derivadas engadindo os prefixos in-, des- ou re- e os sufixos –ona e -eira. Escribe unha oración con cada unha das palabras que formaches.

Ler:_________________________
Xusto:_______________________
Cubrir:_______________________
Froit(a):_____________________
Mes(a):______________________

________________________________________________________________________________
________________________________________________________________________________
________________________________________________________________________________
________________________________________________________________________________
________________________________________________________________________________

**Solución**
**Reler, inxusto, descubrir, froiteira, mesona.**
**A segunda parte da actividade é de resposta libre. Cómpre que se escriban sen faltas de ortografía.**

| **Rúbrica** | | | |
|---|---|---|---|
| **Excelente** | **Satisfactorio** | **Elemental** | **Inadecuado** |
| Realiza o que se solicita sen faltas de ortografía. | Realiza o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata dous erros. | Realiza o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata tres erros. | Non realiza correctamente o que se solicita. |

**Estándar de aprendizaxe avaliable**
**6.1.** Coñece a función dos sufixos e prefixos na formación de novas palabras.

**Competencias clave**
Competencia en comunicación lingüística.
Competencia matemática.
Competencia para aprender a aprender.

**Actividade 5**

**Enunciado:** Identifica os determinantes demostrativos e logo clasifícaos na táboa. Por último completa a táboa co resto dos demostrativos.

Aquelas nenas son as miñas amigas.
Estas zapatillas mercoumas Xosé.
Ese coche saíu este ano ao mercado.
Esas bicicletas son verdes e aqueles patíns amarelos.
Aquel rapaz é o tío de María e este de aquí é o seu curmán.

| | **singular** | | **plural** | |
|---|---|---|---|---|
| | **masculino** | **feminino** | **masculino** | **feminino** |
| **preto** | | | | |
| **nin preto nin lonxe** | | | | |
| **lonxe** | | | | |

**Solución**

**Aquelas** nenas son as miñas amigas.
**Estas** zapatillas mercoumas Xosé.
**Ese** coche saíu **este** ano ao mercado.
**Esas** bicicletas son verdes e **aqueles** patíns amarelos.
**Aquel** rapaz é o tío de María e **aqueles** señores son os seus avós.

| | **singular** | | **plural** | |
|---|---|---|---|---|
| | **masculino** | **feminino** | **masculino** | **feminino** |
| **preto** | este | esta | estes | estas |
| **nin preto nin lonxe** | ese | esa | eses | esas |
| **lonxe** | aquel | aquela | aqueles | aquelas |

| **Rúbrica** | | | |
|---|---|---|---|
| **Excelente** | **Satisfactorio** | **Elemental** | **Inadecuado** |
| Identifica e clasifica o que se solicita sen cometer ningún erro. | Identifica e clasifica o que se solicita e comete ata cinco erros. | Identifica o que se solicita e comete ata sete erros. | Non realiza correctamente o que se solicita. |

**Estándar de aprendizaxe avaliable**
**7.1.** Recoñece e clasifica determinantes.
**Competencias clave**
Competencia en comunicación lingüística.
Sentido de iniciativa e emprendemento.

**Actividade 6**

**Enunciado:** Identifica as contraccións dos determinantes demostrativos coas preposicións.

Nese monte hai unha área recreativa.
Neste coche, que é daquel señor, viaxei ata Barcelona.
Neses edificios vive a miña madriña e naquelas casas os meus avós.
Desa casa saía moito fumo.
Naquela ocasión viñeran todos os meus amigos nesas bicicletas vellas.
Deste rapaz faláronme moi ben, é moi simpático.
Estes gatos son daqueles nenos.

**Solución**

**Nese** monte hai unha área recreativa.
**Neste** coche, que é **daquel** señor, viaxei ata Barcelona.
**Neses** edificios vive a miña madriña e **naquelas** casas os meus avós.
**Desa** casa saía moito fumo.
**Naquela** ocasión viñeran todos os meus amigos **nesas** bicicletas vellas.
**Deste** rapaz faláronme moi ben, é moi simpático.
Estes gatos son **daqueles** nenos.

| **Rúbrica** | | | |
|---|---|---|---|
| **Excelente** | **Satisfactorio** | **Elemental** | **Inadecuado** |
| Identifica o que se solicita sen cometer ningún erro. | Identifica o que se solicita e comete ata tres erros. | Identifica o que se solicita e comete ata seis erros. | Non realiza correctamente o que se solicita. |

**Estándar de aprendizaxe avaliable**
**8.1.** Identifica e realiza contraccións do determinante coa preposición.

**Competencias clave**
Competencia en comunicación lingüística.
Sentido de iniciativa e emprendemento.

**Actividade 7**

**Enunciado:** Escribe o nome destes debuxos e logo fai unha oración con cada un deles.





**Solución**

**Sombreiro, bufanda, bruxa, burbulla, libro, burro.**

**As oracións son de resposta libre. Cómpre que as escriban de xeito claro e sen faltas de ortografía.**

| Rúbrica | | | |
|---|---|---|---|
| **Excelente** | **Satisfactorio** | **Elemental** | **Inadecuado** |
| Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía. | Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía. | Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía. | Non escribe correctamente o que se solicita. |

**Estándar de aprendizaxe avaliable**

**9.1.** Coñece e aplica a regra de escritura do b.

**Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística.
Competencia para aprender a aprender.
Competencias sociais e cívicas.

**Actividade 8**

**Enunciado:** Corrixe os erros do seguinte texto.

Xa havía algúns días que a vrétema cuvría a bila da alvufeira. Así que os veciños, cansos de non ver nada, acudiron a Vrais, un vruxo moi coñecido, na busca de axuda. O home vibía nunha povre cabana, acompañado por un vufo vranco. Amavlemente atendeu os veciños.

**Solución**

Xa ha**b**ía algúns días que a **b**rétema cu**b**ría a **v**ila da al**b**ufeira. Así que os veciños, cansos de non ver nada, acudiron a **B**rais, un **b**ruxo moi coñecido, na busca de axuda. O home vi**v**ía nunha po**b**re cabana, acompañado por un **b**ufo branco. Ama**b**lemente atendeu os veciños.

| **Rúbrica** | | | |
|---|---|---|---|
| **Excelente** | **Satisfactorio** | **Elemental** | **Inadecuado** |
| Identifica o que se solicita sen cometer ningún erro. | Identifica o que se solicita e comete ata catro erros. | Identifica o que se solicita e comete ata seis erros. | Non realiza correctamente o que se solicita. |

**Estándar de aprendizaxe avaliable**

**9.1.** Coñece e aplica a regra de escritura do b.

**Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística.
Competencia para aprender a aprender.
Competencia matemática.

**Actividade 9**

**Enunciado:** Escribe o teu autoorretrato.

**Solución**

**Resposta libre. Cómpre que se escriba dun xeito claro e sen faltas de ortografía.**

| **Rúbrica** | | | |
|---|---|---|---|
| **Excelente** | **Satisfactorio** | **Elemental** | **Inadecuado** |
| Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía. | Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía. | Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía. | Non escribe correctamente o que se solicita. |

**Estándar de aprendizaxe avaliable**
**11.1.** Realiza un autorretrato.

**Competencias clave**
Competencia en comunicación lingüística.
Competencia en conciencia e expresión cultural.

**Actividade 10**

**Enunciado:**
Le con atención e contesta.

Un bravo pirata
había unha vez
que tiña tres patas,
unha, dúas tres.

Das tres unha soa
remata nun pé
con dedos e todo
como debe ser.

Antón CORTIZAS
*Era unha vez na Quimbamba*
Tambre

• Cantos versos ten esta poesía? ___________________

• Cantas estrofas? _________________________________

**Solución**

**Ten oito versos e dúas estrofas.**

| **Rúbrica** | | | |
|---|---|---|---|
| **Excelente** | **Satisfactorio** | **Elemental** | **Inadecuado** |
| Escribe e identifica correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía. | Escribe e identifica correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía. | Escribe o que se solicita con algunhas faltas de ortografía. | Non escribe correctamente o que se solicita. |

**Estándar de aprendizaxe avaliable**
**11.1.** Identifica o desenlace dunha narración.

**Competencias clave**
Competencia en comunicación lingüística.
Competencia en conciencia e expresión cultual.